

CURSO DE ÁRBORES E PLANTAS

A Concellaría de Normalización lingüística organiza un curso de árbores e plantas que será guiado por Marcelo Rodríguez (Faia Educación Ambiental) e Xabier Xil.

Neste curso nos achegaremos ás plantas, ás árbores, aos seus usos tradicionais, nomenclaturas, toponimia...e mesmo a elaborar xabón de sabugueiro ou cremas para o pelo, mascarar faciais, cremas hidratantes e aceites corporais.

O curso celebrarase na Casa da Xuventude e as inscricións son de balde a través da

Web:<https://snl.vigo.org/inscripcion>.



Datas: martes e xoves.

29 e 31 de xaneiro; 5, 7, 12, 14, 19, 21, 26 e 28 de febreiro do 2019.

Horario: 18.00 a 20.00.

Inclúe unha saída.

Programa do curso:

Día1. O sabugueiro

- Elaboración de xabón de sabugueiro.
- Elaboración de champán de sabugueiro.
- Macerado oleoso de sabugueiro
- Receitas de sabugueiro.

Día 2.

- Vocabulario I. Nocións para a elaboración dun vocabulario: utensilios e procesos de elaboración de produtos derivados das plantas.
- Os nomes das plantas e das árbores. Variación e motivación.

Día 3. O loureiro, o limón e a flor da laranxeira

- Crema para o pelo
- Desodorizante en sprai
- Máscaras faciais
- Os unguentos

Día 4.

- Vocabulario II. Léxico relacionado coas plantas e coas árbores
- Fitotoponimia. As árbores e as plantas no territorio
- Fraseoloxía

Día 5. A arzaia e o romeu

- Cremas hidratantes
- Aceites para os pés
- Aceites para a celulite

Día 6.

- As plantas e as árbores na cultura e no imaxinario colectivo
- Tradición oral I. Lendas

Día 7. A menta e a herba luísa

Elaboración de hidrolatos, colonias e perfumes

Día 8.

- Os personaxes da medicina popular. Tipos, funcións e prácticas curativas
- Tradición oral II. O oracioneiro

Día 9.

- Resumo
- Receitas varias
- Xabón líquido de lavadora

Día 10.

- Vocabulario II. Utensilios e procesos de elaboración de produtos derivados das plantas (Repaso)
- Tradición oral III. As plantas e as árbores no cancionero e nos contos populares